


ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Acceso á biblioteca
2. Biblioteca: características
3. Acceso aos contidos: busca sinxela e avanzada
4. Acceso aos contidos: árbore temática
5. Ficha de contido
6. Ligazóns a utilidades de interese xeral
7. Suxerir contidos
8. Ligazóns personalizadas
9. Boletín de Eidolocal



Para acceder á biblioteca o usuario debe **premer sobre a opción “Biblioteca”** que se atopa no menú principal na cabeceira do portal, accesible dende calquera páxina do mesmo, tanto na parte pública como na privada tal e como aparece nas imaxes seguintes:



The screenshot shows the eido local portal interface. The top navigation bar includes 'Meu eido', 'Guía local', 'Biblioteca', 'Servizos', 'Iniciativas', 'Transparencia', and 'Mantenimento'. The 'Biblioteca' menu item is circled in red. Below the navigation bar, there are sections for 'Avisos', 'Novas', 'As miñas aplicacións', 'Centro de Atención ao/a Usuario/a', 'Destacamos', and 'Tempo'.



The screenshot shows the eido local portal interface. The top navigation bar includes 'Eidolocal', 'Guía local', 'Biblioteca', 'Servizos', 'Iniciativas', and 'Transparencia'. The 'Biblioteca' menu item is circled in red. Below the navigation bar, there are sections for 'Destacamos', 'Servizos dixitais', 'Novas', 'Eventos', and 'Emprego'.




A biblioteca é o repositorio de contidos do portal EidoLocal, en continua evolución e actualización, que recompila de forma clasificada información, documentación e outros tipos de contidos de interese no ámbito da administración local.

Características

- ✓ Acceso **rápido e intuitivo** aos contidos mediante navegación por árbore temática, busca simple por texto libre ou busca avanzada por filtros.
- ✓ **Ligazóns directas a utilidades e contidos de interese xeral** (novas, eventos e boletíns).
- ✓ Acceso dinámico a **contido recomendado, últimos contidos incorporados e a contidos máis visitados e valorados** polos usuarios do portal.
- ✓ **Clasificación dos contidos** en base a: temática, tipo de contido, colectivo/s ao/s que pode interesar o contido, organización/s fonte do contido e ámbito/s xeográfico/s de aplicación ou influencia do contido.
- ✓ Diferentes **formatos de visualización** e acceso aos contidos: documento, ligazón, nova, evento, imaxe e multimedia (audio e vídeo).
- ✓ **Contidos** só dispoñibles para usuarios rexistrados no portal como **tradutores automáticos e dicionarios de galego**.

Ligazóns a utilidades e contidos de interese: novas, eventos e hemeroteca.

Contidos destacados, coas seccións de recomendados, novidades, máis visitados e máis valorados.



Árbore temática, que permite o acceso estruturado a contidos.

Buscador de contidos, que proporciona unha interface de consulta avanzada para un maior filtrado da información.



Un xeito de acceso aos contidos é a través dos buscadores , permitindo ao usuario localizar os contidos por un texto libre ou establecendo diferentes parámetros para a busca:

- ✓ **Busca sinxela**, a partir dun texto introducido polo usuario que describe o contido a buscar.
- ✓ **Busca avanzada**, permitindo ao usuario a localización de contido en base á súa clasificación, o seu formato ou a súa data de publicación na biblioteca.

Tamén se pode acceder a información da biblioteca a través dos **buscadores** por texto con carácter predictivo que se atopan na **portada** do portal e na **sección de Meu Eido**.

Busca avanzada

Buscar contidos

Texto

▼ Busca avanzada

Temas

Tipo de contido

Colectivos

Organizacións

Ámbitos xeográficos

Dende (data publicación) Ata (data publicación)

Tipo de contido

Documento Ligazón Imaxe Multimedia

Nova Evento

Limpar Buscar

Servizos, Ferramentas TIC

Actualidade

Documentos/Publicacións

Galería multimedia

Procedementos

Servizos

Servizos TIC

Formativa

Información estándar ou estática

Buscar contidos

▼ Busca avanzada

Texto

Temas

Tipo de contido

Colectivos

Organizacións

Ámbitos xeográficos

Dende (data publicación) Ata (data publicación)

Tipo de contido

Documento Ligazón Imaxe Multimedia

Nova Evento

Limpar **Buscar**

Formato	Nome	Descrición	Data	Fonte
	Dicionario enciclopedico en liña sobre as tecnoloxías de información e comunicación (IGTIC)	Dicionario que recolle un amplo léxico técnico en galego relacionado cos distintos ámbitos das TIC...	28/08/2014	Xunta de Galicia (Asociación...)
	REUGA	Revista de empregos locais de Galicia (REUGA) que permite acceder a empregos locais tem...	28/02/2014	Dirección Xeral de Admni...
	Dicionario Xurídico Galego	Recurso xurídico electrónico para favorecer e facilitar o uso do idioma na actividade da xustiz...	28/02/2014	Xunta de Galicia/Consejer...
	Tradutor automático ao galego GAIO	Tradutor automático de textos, documentos e páxinas web que permite facer traducións entre galego...	28/02/2014	Xunta de Galicia/Consejer...
	Directorio telefónico do persoal da Xunta	Servizo que permite a consulta por organizacións despregadas ou por busca directa, dos teléfonos e...	28/02/2014	Xunta de Galicia
	Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia	Información (obxecto, normativa, documentación, solicitude e directorio de unidades vestidas) dos...	28/02/2014	Xunta de Galicia
	DNI electrónico	Páxina do Ministerio de Interior no que se desenvolven as principais características e funcións...	28/02/2014	Ministerio do Interior/Min...
	Toponimia oficial - Nomenclator de Galicia	Servizo de consulta que recolle os nomes oficiais das provincias, parroquias, concellos e lugares...	28/02/2014	Xunta de Galicia
	Tradutor automático ao galego	Tradutor automático de textos, documentos e páxinas web: galego-castelán e galego-íngles	28/02/2014	Secretaría Xeral de Polic...

1 anterior 1 2 seguinte - 1 - 9 de 13 resultados

Tipos de clasificacións dun contido :

1. **Temas:** temática do contido.
2. **Tipo de contido:** documento, noticia, evento, imaxe, son,....
3. **Colectivos:** colectivos aos que lles pode resultar de interese o contido.
4. **Organizacións:** Organismos que son os provedores e/ou responsables do contido.
5. **Ámbitos xeográficos:** ámbito xeográfico no que é de aplicación o contido.

Ademais de poder introducir texto no campo predictivo (1) é posible usar as **listas de selección múltiple** para afinar a busca (2):

- ✓ A lista correspondente a cada unha das clasificacións pode conter subopcións (+) que se poden despregar e/ou contraer.

- ✓ Unha vez despregada a lista correspondente a calquera das clasificacións, e mediante a pulsación sobre unha ou varias das opcións da mesma, é posible buscar por un ou varios elementos á vez.

- ✓ Unha vez seleccionado/s o/s parámetro/s da busca na lista, deberase premer fóra da lista para finalizar a selección.

Tamén é posible utilizar as opcións de **tipo de contido (3)** para afinar mais os criterios.

Premendo no botón buscar (4) despregaranse os resultados .


Premendo sobre o contido desexado (5) accederase directamente á **ficha do mesmo**.



O acceso directo aos contidos da biblioteca clasificados de maneira visual pode facerse tamén a través dunha estrutura de árbore temática coas seguintes características:


- ✓ **Estructura xerárquica de contidos**, que permite despregar e contraer cada grupo de elementos para unha navegación máis sinxela e intuitiva (1).
- ✓ **Indicador do número de elementos existentes** para cada área temática da árbore (2).
- ✓ **Busca inmediata**, permitindo acoutar a consulta de maneira dinámica e sinxela coa selección dunha temática da árbore (3).
- ✓ **Permite a selección múltiple** de elementos ou grupos de elementos para unha busca combinada de distintas temáticas (4).

1. Despregamento



Para despregar calquera área ou subárea: bastará con premer no signo (+) que figura ao lado.

2. Busca directa




Busca directa: a selección dun elemento da árbore visualiza de forma inmediata os contidos existentes para esa área ou subárea temática seleccionada.

Premendo nun contido abrírase a ficha correspondente a dito contido.

Formato	Nome	Descrición	Data	Fonte
	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia	Este servizo permite a consulta de perfís de contratantes e datos de aída na plataforma de contratos...	28/02/2014	Xunta de Galicia-PCG
	Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei...	Lei que ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que a mesma s...	28/02/2014	BOE

3. Multiselección



Multiselección: a selección simultánea de varios elementos da árbore permite obter un resultado máis completo, presentando os contidos correspondentes a todas as temáticas seleccionadas polo usuario.

Premendo nun contido abrírase a ficha correspondente a dito contido

Formato	Nome	Descrición	Data	Fonte
	Dicionario Xurídico Galego	Recurso xurídico e lingüístico para favorecer e facilitar o uso do idioma na actividade da xustiz...	28/02/2014	Xunta de Galicia/Conseller...
	Plataforma de Contratos Públicos de Galicia	Este servizo permite a consulta de perfís de contratantes e datos de aída na plataforma de contratos...	28/02/2014	Xunta de Galicia-PCG
	Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei...	Lei que ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que a mesma s...	28/02/2014	BOE



Icona indicativa do tipo de formato do contido

Indicadores de contido recomendado, novidade e valoración.

Subsección informativa/descriptiva do contido.

Acceso directo ao contido

Posibilidade de valorar o contido

Posibilidade de compartir a ficha da Entidade Local a través das redes sociais.

Todo contido da biblioteca ten asociada unha **ficha** que permite a súa **descrición e catalogación** contemplándose distintos tipos formatos de contido: **documento, ligazón, nova, evento, imaxe e multimedia (audio e vídeo)**. Esta ficha incorpora:

- ✓ Información xeral, **descrición e clasificación do contido.**
- ✓ Acceso directo ao contido ou **posibilidade da súa descarga** segundo o tipo de contido permitindo a súa **previsualización** no caso dos documentos e imaxes e a súa **reproducción** para os vídeos e audicións.
- ✓ Indicadores de se o contido é **recomendado, novidade e a súa valoración.**
- ✓ A **posibilidade, por parte do usuario, de compartir e valorar un contido.**



Tipos de formatos de contido existentes:

	Ligazón		Evento
	Documento		Nova
	Imaxe		Multimedia



Existe na biblioteca unha sección que agrupa as ligazóns que permiten ao usuario acceder a contidos e funcionalidades do portal considerados de interese xeral:

- ✓ **Consulta de novas (1)**, accedendo a unha ferramenta de busca avanzada de novas, así como ás súas correspondentes fichas de detalle (ver ficha 3).
- ✓ **Consulta de eventos (2)**, accedendo a unha ferramenta de busca avanzada de eventos e a visualización de próximas convocatorias mediante calendarios e outros compoñentes visuais, así como ás súas correspondentes fichas de detalle (ver ficha 3).
- ✓ **Hemeroteca de boletíns (3)**, para un acceso rápido a todos os boletíns de EidoLocal existentes (ver ficha 9).




Funcionalidades para un acceso máis completo e intuitivo á información: incorporación de **listados de novas, boletíns e calendario de eventos** con ferramentas de **consulta e busca avanzada** de contidos.



Existe na biblioteca a posibilidade de que un usuario rexistrado poida suxerir un contido.




- ✓ Premer na opción “suxerir contido”(1) da sección de “Utilidades “ da biblioteca que nos levará á pantalla “ Engadir contido”.
- ✓ Cumprimentar o **nome do contido** que queremos engadir (2).
- ✓ Seleccionar o **formato do contido** (documento, ligazón , imaxe , multimedia, nova ou evento) (3).
- ✓ Premer no botón “Engadir e editar” (4).



Despregarase a pantalla “Datos de contido”:

- ✓ Cumprimentar os **datos de contido** (5).
- ✓ Podemos **engadir unha imaxe** seleccionando un arquivo que teñamos no noso ordenador (6).
- ✓ Cumprimentar a **taxonomía** correspondente a un contido segundo a seguinte clasificación (7):
 1. **Temas:** temática do contido.
 2. **Tipo de contido:** documento, noticia, evento, imaxe, son,....
 3. **Colectivos:** aos que lles pode resultar de interese o contido.
 4. **Organizacións:** organismos que son os provedores e/ou responsables do contido.
 5. **Ámbitos xeográficos:** ámbito xeográfico no que é de aplicación o contido.
- ✓ Pódese engadir unha **descrición curta** (8) se se desexa.
- ✓ **Gardar** os cambios (9).
- ✓ Premer na opción “**Seleccionar ficheiro**” para subir un ficheiro que se atope no noso ordenador (10).
- ✓ Premer no botón “**Subir ficheiro**” (11).
- ✓ Finalmente deberase de premer no botón “**Solicitar publicación**”(12). Abrirase unha mensaxe indicando que a solicitude foi procesada (o contido non será público ata que o validen os administradores do portal)





Posibilidade de **configuración de ligazóns personalizadas** por parte dos usuarios rexistrados do portal, proporcionando un acceso directo permanente a contidos de interese e/ou uso habitual.

- ✓ **Número ilimitado de ligazóns configurables**, que reproducen de maneira automática a consulta dun usuario con calquera criterio de busca.
- ✓ **Posibilidade de eliminación e creación destas ligazóns**, de maneira sinxela e intuitiva para o usuario.

Posibilidade de eliminar as ligazóns personalizadas premendo no aspa.

Configuración de ligazóns personalizadas polo usuario, a través dunha interface sinxela e intuitiva, seguindo **uns simples pasos**:


1. Configurar parámetros de consulta.
2. Premer no botón de **busca**.
3. Premer no botón **“gardar busca”**.
4. **Introducir o nome escollido para a ligazón**.
5. Premer no botón **gardar**, para incorporar a ligazón a parte superior.

Dende o apartado da biblioteca Utilidades-Hemeroteca pódese acceder ao “**buscador de boletíns**” que permite facer unha busca dos boletíns por data de publicación e onde ademais visualízanse por defecto todos os boletíns publicados ordenados por data de publicación.

A finalidade do boletín é dar a coñecer aos subscritores as últimas novidades e contidos do portal e caracterízase por:

- ✓ **Recompilar os contidos máis destacados correspondentes a un período**, independentemente do seu formato (novas, eventos, documentos, vídeos, imaxes, ligazóns, etc) e relacionados coa administración electrónica, a administración local e coas TIC en xeral.
- ✓ Presentar os contidos **clasificados en diferentes seccións** facilitando a lectura do boletín.
- ✓ **Dispoñer de acceso directo á ficha de cada contido** proporcionando información máis detallada.

A **subscrición** ao boletín está **dispoñible na páxina principal do portal EidoLocal**, na “**Hemeroteca**” e no propio **boletín**.



Busca de boletíns por data de publicación.

Boletíns ordenados por data de publicación.

